

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Maio 2006 COMUNICADO

Suave desaceleración no crecemento dos prezos das importacións e das exportacións en maio de 2006.

O índice de prezos das exportacións creceu un 4,2% en maio de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 4,2% en maio de 2006 con respecto a maio de 2005. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada un crecemento do 4,3%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 2,8% e os bens intermedios creceron un 10,5%; pola contra, os bens de equipo decreceron un -1,8%.

O índice de prezos das importacións creceu un 6,3% en maio de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 6,3% en maio de 2006 con respecto a maio de 2005. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións tamén creceron un 6,3%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo decreceron un -4,0%; pola contra, os bens intermedios e os bens de equipo creceron un 10,4% e un 1,1% respectivamente.


Índices de valor unitario. Maio 2006. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	99,4	4,2%	5,2%
Importacións/introduccións	107,4	6,3%	9,9%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	100,3	4,3%	5,2%
Importacións/introduccións	105,5	6,3%	9,9%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FORNTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>